

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Requirimento da documentación acreditativa dos méritos no proceso para cubrir, en réxime de comisión de servizos, un posto de traballo de Policía do concello de Carballo. (2020/E001/000006)

ANUNCIO

Requirimento da documentación acreditativa dos méritos no proceso para cubrir, en réxime de comisión de servizos, un posto de traballo de Policía do concello de Carballo. (2020/E001/000006).

Mediante resolución de Alcaldía núm. 1154/2020 de 13 de maio de 2020 autorizouse a provisión temporal, en réxime de comisión de servizos, dun posto de policía local (Escala: Administración Especial, Subescala: Servizos Especiais, Clase: Policía Local).

No BOP núm. 70 de 19 de maio de 2020 publícase o anuncio de dito proceso, sinalándose que “Os criterios de valoración serán os recollidos no Anexo III da Orde do 28/01/2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais (DOG núm. 22 de 02/02/2009)”.

Rematou o prazo de presentación de instancias o 26/05/2020 e recibíronse catro solicitudes para participar no proceso selectivo.

Requiríselle aos aspirantes que presentaron as solicitudes de participación para que nun prazo de **3 días hábiles** (que se iniciará o día seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP) presenten no Rexistro xeral de entrada do Concello de Carballo, ou na forma que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, unha relación de méritos, segundo o Anexo III da dita Orde do 28/01/2009, así como a documentación acreditativa daqueles, que se valorarán conforme aos criterios recollidos no Anexo III da dita Orde do 28/01/2009 máis arriba citada.

Carballo, 4 de xuño de 2020

O Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2020/3376